



PLAN DE IGUALDADE



2019/2020



ÍNDICE

1. Introducción e marco legal	3
2. Contextualización normativa e do centro	6
3. Análise da situación do Centro	6
4. Obxectivos coeducativos desenvoltos a través do plan en canto aos seguintes temas:	8
4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	8
4.2 Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero	9
4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	9
4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia	10
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos	10
5.1.- Organización do Centro	10
5.2.-Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	13
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:	14
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	15
6. Seguemento e avaliación	17

1. Introducción e marco legal

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Familias e profesorado son decisivos para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres. Asemade desempeñan un papel importante na compensación de desigualdades: e entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento de nenos e nenas desde os seus primeiros anos.

Debido a que familia e escola proporcionan modelos de conduta, a sociedade pide a toda a comunidade educativa a súa participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos, o respecto e a colaboración.

Desde a escola débese desenvolver unha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poden xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo.

A sociedade confía no labor da escola nestes asuntos de especial sensibilidade e demanda social.

A educación para a igualdade debe realizarse desde as idades máis temperás, mediante unha aprendizaxe que promova en cada persoa hábitos no persoal e na súa relación cos demais. A escola pode preparar un itinerario formativo, unha auténtica educación integral, que facilite o desenvolvemento de cada individuo, home ou muller, en todas as súas dimensións, que traballe activamente e de modo transversal para a superación de prexuízos e estereotipos sexistas. Sen esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade por mor desas diferenzas.

O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar aos nenos e nenas unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade. O papel da escola é esencial na adquisición deste obxectivo. É importante recoñecer que se queremos un futuro de igualdade de condicións entre homes e mulleres nun mesmo espazo

empresarial, político, educativo,... é necesario que desde a comunidade educativa e, sobre todo, desde a nosa actividade como docentes reforcemos o valor da coeducación.

Nesta liña xurde o presente plan de igualdade cun claro carácter transversal. Entendendo a igualdade como unha relación de equivalencia, na que todas as persoas teñen o mesmo valor, e por iso son iguais e por isto trataremos de inculcar no noso alumnado que: *“a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades”*.

O desenvolvemento do Plan de Igualdade no centro é responsabilidade de toda a comunidade educativa e a súa elaboración e inclusión no Proxecto Educativo corresponde ao Equipo Directivo baixo asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación e do claustro de profesores e as profesoras. Neste recolleráanse as actuacións en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero a desenvolver no centro.

A necesidade e o desexo de construír unha sociedade que avance cara a igualdade está presente en todas as políticas públicas e na lexislación vixente tanto a nivel europeo como estatal ou/e autonómico.

O Principio de igualdade entre homes e mulleres aparece recollido no artigo 8 do Tratado do funcionamento da Unión Europea. No ámbito estatal, a Constitución Española de 1978 recoñece a igualdade de homes e mulleres ante a lei (art. 14) e o deber de promover unha igualdade real (art 9.2) O mesmo ocorre no noso Estatuto de Autonomía .

Asemade, a lexislación educativa inspírase no marco legal antedito en materia de igualdade para vehicular as políticas públicas en materia de igualdade, tal e e como se reflicte nos seguintes referentes legais:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación xa manifesta que a educación é o medio de transmitir a cultura, coñecementos e valores, así coma de renovalos, e que na escola deben desenvolverse valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e educar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de homes e mulleres igualdade establece nos artigos 23 e 24 o labor do sistema educativo en materia de fomento da igualdade e a integración deste principio na política de educación.

No ámbito autonómico as disposicións normativas que sinalan instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes, son:

Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro no que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade , que nos artigos 17,18,22,23,24,25 e 26 nos falan da presenza destes valores de igualdade no currículo, da erradicación de prexuízos nos centros docentes, da inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, prevención de actitudes discriminatorias, divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA , combater o acoso por motivo de orientación sexual ou identidade de xénero e favorecer a visibilidade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 8/2005, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).

Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. Contextualización normativa e do centro

O Equipo directivo en colaboración co Departamento de Orientación e xunto co claustro de mestres/as plantexamos un Proxecto Educativo (Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, Proxecto Educativo, Programación Xeral) centrado na necesidade de educar na igualdade de sexos e oportunidades, tal e como esixe e recolle a lei educativa que nos regula, así como a propia Constitución.

A inclusión da coeducación e a convivencia no currículo apóiase en argumentos legais e por razóns de tipo social. Por iso o noso proxecto fundaméntase no marco legal vixente, aludindo a aquela normativa que contempla a coeducación como un alicerce fundamental na nosa sociedade.

Coa elaboración deste proxecto no centro pretendemos dar continuidade ás actuacións realizadas no mesmo e encamiñadas fundamentalmente a consecución desa desexable “Igualdade”:

3. Análise da situación do Centro

Para poder valorar a situación do centro en materia de igualdade necesitamos avaliar o contexto no que se vai a aplicar con obxecto de coñecer a realidade e a partir de aí, plantexarse unha serie de metas e obxectivos a acadar e deseñar as estratexias pertinentes para a súa consecución. Respecto diso, realizouse un análise superficial dos comportamentos e das ideas do alumnado de Infantil e Primaria sobre unha serie de parámetros que, ao noso xuízo, nos permitiría decatarnos da realidade do noso centro.

Os instrumentos de análise de ningún xeito poden considerarse como os máis axeitados para este tipo de estudos; con todo, poden achegar unha serie de datos moi interesantes á hora de definir o estado actual do tema que nos ocupa. Entre estes instrumentos, atópanse as enquisas informais na asemblea de Infantil, as charlas dos titores e especialistas cos alumnos/as dos niveis de Primaria, así como a observación directa do comportamento do alumnado tanto nos períodos lectivos como na hora do patio, saídas,...

Da análise dos datos, moitas veces subxectivo, fornecidos por estas sinxelas ferramentas de sondaxe despréndense unha serie de conclusións, aínda que sexamos conscientes da súa relativa validez estatística e científica.

O estudo sustentouse en catro alicerces básicos:

- As profesións e o sexo dos que as desempeñan

No referente aos labores do fogar en Educación Infantil e Primaria non se observan grandes desigualdades de xénero. Por exemplo, cando se lles preguntou pola profesión que lles gustaría desempeñar, hai nenos e nenas que coinciden en querer ser mestres e atopamos nenas que queren ser gandeiras ou condutoras de camións ou grúas como o pai. Non asocian, polo xeral, certas profesións con un sexo de forma exclusiva.

Curiosamente o alumnado de 4º a 6º de Primaria recoñecen que o sexo non é un condicionante para poder desempeñar unha profesión pero as nenas admiten que nunca serían fontaneiras, nin electricistas, nin albanéis, o mesmo ocorre cos rapaces admiten que hai determinadas profesións que eles tampouco nunca farían.

- O concepto de labor de fogar e a súa asociación cun determinado sexo.

En efecto, en Infantil conséntase un claro rumbo sexista en canto á realización dos labores do fogar. Aprecianse diferenzas de xénero, a parte feminina das familias é a que máis tarefas domésticas realiza.

En Educación Primaria o alumnado asocia de forma igualitaria a homes e mulleres para realizar determinadas tarefas (cociñar, poñer a mesa, recoller, ordenar) mentres que outras séguense a relacionar maioritariamente con mulleres (facer a colada e limpeza en xeral, compra...). Salientar que no caso de traballar ambos pais, sempre son as avoas as encargadas de levar a casa.

- A práctica de distintos xogos

En canto á práctica de xogos, os alumnos/as de Infantil non amosan un rumbo sexista na súa práctica; pero a medida que se avanza nos distintos niveis de primaria obsérvase unha clara preferencia por actividades lúdicas que tradicionalmente se asociaron a un determinado sexo.

- Reunións titores- familias

En relación a asistencia dos proxenitores ás reunións periódicas cos/as titores/as ou relacionadas coa oferta complementaria do centro, observamos que de xeito maioritario son as nais as que acoden a este tipo de reunión.

Cómpre sinalar que na realidade actual do noso centro o **alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE)** ou cun certo nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do mesmo son na súa maioría varóns.

Nesta liña, a comunidade educativa está comprometida na superación das barreiras para a participación e a aprendizaxe de todo o alumnado e poñer todos os esforzos en superar as limitacións do centro á hora de atender á diversidade. Potenciando a aprendizaxe e a participación de todos os alumnos e alumnas en especial de aqueles que se atopan en situación de vulnerabilidade e por tanto en risco de exclusión.

4. Obxectivos coeducativos desenvoltos a través do plan en canto aos seguintes temas:

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Fomentar o uso da linguaxe non sexista.
- Garantir a participación equitativa nas actividades da aula, utilizando textos e material didáctico que non xeren estereotipos.

- Invitar a profesionais do mesmo ámbito e de ambos sexos para que compartan as súas experiencias.
- Recoñecer e resaltar as diferenzas individuais e grupais, motivando de igual maneira cara o éxito.
- Potenciar o uso igualitario dos espazos (aulas, patio...), así como a participación equitativa nas actividades curriculares.
- Potenciar as actividades non sexistas e sen estereotipos de xénero.
- Fomentar a participación do alumnado na organización e o desenvolvemento das tarefas que levadas a cabo na clase; así como aquelas que lles sexan propostas na casa.
- Fomentar a autonomía do alumnado, tanto na casa como no entorno escolar, de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades.

4.2 Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero

- Empregar material de lectura que trate temas de xénero, ofrezca unha imaxe positiva do home, realizando roles tradicionalmente femininos
- Falar da importancia da muller ao longo da historia, facendo fincapé nas mulleres galegas, as súas aportacións e a situación que vivían naquel momento.
- Tratar de favorecer a resolución de conflitos por diferenzas de xénero sobre todo a través do diálogo e eliminar calquera estereotipo de xénero educando na diversidade.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Evitar a discriminación do alumnado por cuestión de sexo, orientación sexual, identidade de xénero nesta etapa e noutras posteriores, educando na tolerancia.
- Promover a igualdade e o respecto cara ás persoas que presenta diferente orientación sexual ou identidade de xénero á propia.

- Desenvolver unha proposta didáctica para tratar a diversidade afectivo-sexual en primaria.
- Lograr un ambiente de convivencia que se base nun concepto de cidadanía democrática e responsable que rexeite as discriminacións.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Establecer actividades de formación para os profesionais docentes.
- Fomentar a reflexión sobre os roles de xénero.
- Previr actitudes ou comportamentos que fomenten a LGBTIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1.- Organización do Centro

O equipo de “igualdade” do noso centro está formado por todo o claustro de profesores, por considerar que este é un tema no que todos/as debemos estar involucrados, xa que, será un aspecto fundamental na formación persoal dos nosos alumnos/as.

A persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no pulo do Plan de Igualdade será **D. Israel Arranz Carreño**.

O equipo reunirse periódicamente para tratar, organizar e programar as distintas actividades que levan a cabo nos distintos trimestres relacionadas con este tema e nas que todo o claustro e alumnado colabora e participa.

O equipo, ao estar formado por todos os mestres/as, as decisións que se realicen serán baixo consenso de todos/as.

Asemade, como este é un tema de gran importancia, participaremos nun plan de formación dirixido tanto ao alumnado como ao profesorado onde recibiremos formación en materia de igualdade impartida por profesionais especializados.

Nesta liña, ao longo de curso realizaremos unha serie de actividades arredor das datas coeducativas seguintes:

- 20 novembro: Día Internacional dos Dereitos da Infancia
- 25 novembro: Día Internacional contra a violencia de Xenero
- 10 decembro: Día Internacional dos Dereitos Humanos
- 16 ao 20 de decembro campaña do xoguete non sexista
- 30 xaneiro: Día da Paz
- 8 marzo: Día da Muller Traballadora.
- 2 de maio Día Internacional contra o Acoso Escolar

Ademais de tratar a Igualdade como un valor intrínseco ao currículo a través das competencias clave, é dicir, que se trate de forma natural en todas as áreas e materias; propoñemos, de forma paralela, a realización dunha serie de actividades que engloben a todos as etapas, e niveis do **centro**. Entre elas cabe destacar:

- ❖ Realización de talleres onde os pais e nais ensinen ao alumnado, independentemente do seu sexo, a realizar distintas tarefas da vida cotiá (de acordo coa súa idade e nivel madurativo) facer unha cama, usar unha fregona e un cepillo, utilizar ferramentas sinxelas, fregar a louza, pasar o ferro, inflar unha roda ou un balón...
- ❖ Lecturas de contos tradicionais analizando de forma crítica os roles establecidos. A partir de aquí, elaborar contos onde se invirtan estes roles.
- ❖ Recibir charlas e/ou (de acordo coa idade do alumnado) realizar traballos sobre mulleres que destacaron en ámbitos que tradicionalmente non se consideraron como propios: premios Nobel na área das ciencias puras, deportes de alta competición, xadrez, política, economía...
- ❖ Análise crítica da publicidade en televisión por ser o medio máis empregado polo alumnado até o momento.

- ❖ Examinar de forma crítica as letras da discografía moderna.
- ❖ Integrar á xeneralidade do alumnado en todo tipo de xogos, tanto no recreo como nas clases de Educación Física, independentemente do seu rumbo sexista tradicional.
- ❖ Crear o Recuncho da Igualdade, onde calquera membro da comunidade educativa poida expoñer noticias, traballos, ideas, fotos... relacionados coa Igualdade.
- ❖ Visionado de películas que incidan na inxustiza da desigualdade entre homes e mulleres.
- ❖ Recunchos en Infantil (a casiña, construcións...).
- ❖ Reparto de tarefas independentemente do sexo do alumnado: axudar a trasladar o material e o mobiliario para a realización de actividades de todo tipo, limpeza da clase tras unha festa ou celebración, decoración da aula ou os espazos comúns para distintos acontecementos...

As **familias** representan o núcleo vertebrador de toda educación xa que son elas as que transmiten, en última instancia, todos os valores que desenvolverá no futuro o alumnado. Por iso, consideramos esencial inculcarlles a necesidade de complementar as actuacións propostas desde a escola e que, cos seus exemplos diarios, colabórennos na consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Neste sentido, propoñemos as seguintes actividades:

- ❖ Establecer os mesmos dereitos para os seus fillos e fillas.
- ❖ Insistir en que as tarefas da casa sexan compartidas por igual entre os nenos e as nenas.
- ❖ Permitir que os seus fillos, independentemente do seu sexo, teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- ❖ Non usar oracións que reproduzan estereotipos sexistas.
- ❖ Falar con respecto e agarimo das tarefas que desempeñaron e realizan as mulleres da familia, debido a que entregaron parte do seu tempo e enerxía ao coidado das demais persoas.

5.2.-Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Accións en relación a actuacións no **centro**.

- Análise, desde a perspectiva de xénero, dos materiais curriculares, especialmente dos libros de texto.
- Uso dunha linguaxe non sexista na oralidade da nosa práctica educativa, nos recursos didácticos que ofrecemos na aula, nas informacións que mandamos ás familias, etc.
- Revisión das concrecións curriculares das áreas, para incluír a perspectiva de xénero en todas as materias. Cómpre realizar para iso unha procura de mulleres relevantes na materia, causas, motivos polos que foron invisibilizadas até o de agora, datos, estatísticas....
- Análise de estereotipos sexistas, incidindo na sensibilización sobre a perda que conleva unha socialización non igualitaria e promovendo actuacións que supoñan a ruptura cos roles de femineidade ou masculinidade a través das prácticas educativas.
- Deseño de actividades complementarias ou extraescolares en gran grupo que reforcen os contidos curriculares; por exemplo, visitas a monumentos atendendo aos espazos femininos, visitas a exposicións específicas, cineforum, certames literarios,...

Accións en relación a actuacións coas **familias**.

- Elaboración dunha carta a principios de curso explicando ás familias en que consiste o Plan de Igualdade e pedindo a súa colaboración no mesmo.
- Inclusión na reunión que no primeiro trimestre teñen os titores ou titoras coas familias dun apartado con información concreta das actividades que o centro vai realizar en relación coa igualdade desde a perspectiva de xénero. Nesta reunión é importante dar unha xustificación da necesidade de colaboración entre familias e centro educativo. Trataríase de dar unha explicación moi breve sobre a súa importancia para a transmisión de valores, e en concreto, as repercusións negativas que está a ter para a socialización de fillos e fillas os estereotipos sexistas.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

Xestionaremos as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

Dentro das actividades de “patios dinámicos” que levaremos a cabo no centro, intentaremos transformar o patio nun elemento clave para a inclusión de todo o alumnado.

Propoñeremos actividades dirixidas que permitan que todos os/as alumnos/as poidan xogar e relacionarse co conxunto do grupo para mellorar as súas habilidades sociais e reforzar a súa autoestima.

Outro dos obxectivos fundamentais que se persegue é previr, a través do xogo e as relacións sociais no entorno dos recreos, posibles situacións conflitivas que poidan xurdir entre o alumnado, especialmente o acoso escolar.

A través do xogo pretendemos potenciar valores de respecto e solidariedade, adaptando as actividades, en caso de que fora necesario, para que todo o alumnado participe sen que a idade ou o sexo poidan ser un impedimento.

A maior parte dos xogos que empregaremos pertencen ao grupo de “xogos cooperativos”. A súa característica fundamental é que son xogos nos que a colaboración entre os participantes é o elemento esencial. Este tipo de xogos son moi adecuados para traballar a inclusión. Citaremos varios a modo de exemplo: “As apertadas musicais”, “A carreira de barcas”, “O xogo da corda” “Nós humanos” e “As cadeiras musicais”..... ” en Educación Infantil e “Tirachinas á pirámide”, “A alfombra máxica”, “Diana”, “Twister”, “Zapatito inglés”.....en Primaria.

Asemade, potenciaránse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, así como xogos coeducativos que fomenten metodoloxías activas participativas e cooperativas mediante a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Nesta liña, promoveráse a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional. Relizaremos

actividades diversas en todos as etapas e cursos que fagan concienciar aos alumnos do dereito e da liberdade á hora de elixir de forma independente que ser de maiores, sen que factores como o xénero ou a raza puidesen condicionar tal decisión. (Este obxectivo xira arredor da importancia de poder elixir a profesión que se desexe, sen que o criterio de elección estea influído polo feito de que algunhas profesións fosen tradicionalmente desenvolvidas máis por homes que por mulleres).

Traballaremos por grupos asinando unha profesión antiga a cada grupo, e facendo reflexionar ao alumnado sobre o traballo da muller noutras épocas.e facéndoos reflexionar sobre a idea de que cada un debe adicarse ao que máis lle guste independentemente de ser rapaza ou rapaz.

Valores como o respecto e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres serán a base desta actividade.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

Unha das nosas prioridades é elixir valores que nos acheguen benestar e traballar para aplicarlos nas nosas relacións, evitando normalizar os malos tratos e é por iso un dos nosos obxectivos, tratar de promover o respecto e bo trato entre homes e mulleres, afastar a xerarquía e desigualdade, e o valor do masculino por riba do feminino. Valores negativos que se transmiten a través da familia, a escola, os medios de comunicación... Trataremos de paliar esa normalización da agresión, murmuración ou insulto a través da negociación e o diálogo que substitúen á imposición e o sometemento promovendo a equidade e utilizando as particularidades de cada cal coma fontes de enriquecemento, cambiando os valores de loita, pelexa, desconfianza, imposición, dominación ou sometemento polos de solidariedade, cooperación, negociación, diálogo e a discusión creativa.

Buscaremos que no noso centro cada un atope o seu lugar, se sinta útil e colabore no benestar colectivo co fin de que se sintan parte dun proxecto común para crear unha sociedade mellor, máis xusta e equitativa, e para mellorar o planeta, coidándonos e coidándoo. Por todo iso, xeraremos autonomía, capacidade de compartir, aprender a

discutir e negociar, ser tolerante e respectuoso/a con un/a mesmo/a, xestionar o autocoidado, coidar aos demais, a contorna e o tratarse ben.

Teremos en conta que o xénero condiciona os roles, as posibilidades, as accións, o aspecto físico e a expresión da sexualidade das persoas. A actitude que os profesionais da educación, pais e nais adoptemos ante a diversidade afectivo-sexual será unha das cuestións máis relevantes para conseguir que as nenas/os, as mozas/os, sexan felices, e que se sintan a gusto consigo mesmos. Esa actitude, en boa medida, pode evitar que escondan a súa condición por medo a ser rexeitados, discriminados e mesmo agredidos. Sabemos que, a pesar da existencia de leis para evitar a discriminación e para propiciar a igualdade e o respecto ante a diversidade sexual, o certo son as realidades que aínda viven moitas mozas/os.

É primordial educar na diversidade afectivo-sexual desde a familia así como educar a favor da igualdade de valor e contra a violencia por motivos de orientación sexual e identidade de xénero e, por iso actuaremos como recurso de apoio para pais e nais, que busquen reflexionar acerca da igualdade de valor, a orientación sexual, a identidade de xénero e a violencia, que en ocasións danse por estes motivos. Así mesmo, será relevante concienciar acerca da necesidade da implicación das familias na educación a favor da igualdade de valor e contra a violencia por motivos de orientación sexual e identidade de xénero.

Para romper coa socialización de xénero hai que promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas, promover xogos e traballos cooperativos entre nenos/as no centro, no mantemento da aula, na participación nos xogos e no deporte, no recreo compartindo espazos, tarefas, responsabilidades e oportunidades.

Amosar aos nenos e nenas outra forma de xogar e relacionarse a través dos xogos cooperativos, coeducativos facilitará o proceso de cambio de mentalidade nos espazos de socialización, os espazos onde aprendemos a construír a nosa identidade de xénero transformando o que tradicionalmente foron aprendidos de acordo cos roles e valores que socialmente se adxudican e que nos cargan de estereotipos e limitacións. É necesaria a

reflexión e revisión, desde un enfoque de xénero, do profesorado e das familias sobre a necesidade de prestar atención aos xogos e, en relación a eles, aos roles de xénero, ás actitudes e ao uso dos espazos mostrando que é posible outra forma de xogar e de relacionarse, e que para iso é importante que detectemos e corriamos as condutas sexistas, xerando hábitos participativos en igualdade. Hai que ter claro que pertencer a un ou outro sexo, non debe limitar nin os xogos e xoguetes que se elixan, nin as tarefas, nin as eleccións profesionais, nin a expresión de sentimentos e emocións.

A escola e a familia traballando en equipo poden chegar moi lonxe no campo da corresponsabilidade, representando por igual a mulleres e homes levando a cabo tarefas domésticas. Nós tamén queremos practicar desde a aula “o doméstico” implicando aos nenos no traballo doméstico e reforzando nos máis pequenos valores esenciais para a vida como a autonomía persoal, a autoestima, o traballo en equipo, o respecto, a organización, a responsabilidade, a solidariedade ou o esforzo.

E no reforzo deses valores, os mestres e os pais, como principal espello dos nenos/as, temos un papel fundamental: o exemplo.

Asemade, levaremos a cabo actividades de intervención social a través dunha serie de actuacións que poderán desenvolverse a nivel comunitario destinadas a mellorar e promover a vida en comunidade, fomentando o desenvolvemento de grupos activos que interveñan e participen no desenvolvemento da súa contorna e co fin de mellorar a situación de vulnerabilidade da poboación inmigrante, as persoas maiores o respecto pola diversidade cultural, das persoas con discapacidade... sobre todo a través de actividades audiovisuais, de lectura e debate.

6. Seguemento e avaliación

Ao finalizar cada curso escolar, realizarase un estudo sobre o mesmo no centro, elaborando un informe respecto disto e propoñendo a impementación dunha serie de medidas encamiñadas á súa mellora, en caso de que fose necesario.

Este apartado recollerá o procedemento de avaliación do funcionamento do presente plan a través da definición de indicadores de medida e de instrumentos de avaliación que evidencien os avances coa maior obxectividade posible. Coa finalidade última de establecer propostas de mellora para vindeiros cursos na procura dos citados obxectivos coeducativos.

Elaborado pola Dirección e a Xefatura do Departamento de Orientación do centro.

Aprobado polo Claustro de Mestres o martes 18 de febreiro de 2020.

Aprobado polo Consello Escolar o mércores 04 de marzo de 2020.

Remitido ao Servicio de Inspección Educativa o domingo 08 de marzo de 2020

En Cesuras, a 08 de marzo de 2020

Asdo.: O Director

Israel Arranz Carreño